



RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE 2026/E001/000003 – TR351G. Rural Activa Boqueixón 2026. Aprobación das bases reitoras do proceso selectivo

Bases reitoras do proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns forestais.

Nome proxecto	RURAL ACTIVA BOQUEIXÓN 2026
Código de procedemento	TR351G
Expediente da subvención	2026/A008/000009

ANTECEDENTES

1.- Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026). . Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Xunta de Galicia.

2. Ao abeiro desta convocatoria o Concello de Boqueixón presentou, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, unha solicitude de subvención para as contratacións que se indican, abríndose ao efecto o expediente de referencia.

NÚM. TRAB.	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
TOTAL SUBVENCIÓN			50.865,09 €

Unha vez completados os trámites administrativos de recepción, mellora e/ou emenda da solicitude, o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social formulou proposta de resolución favorable, que foi fiscalizada de conformidade polo órgano competente, pola concorrencia dos requisitos e das condicións establecidas nas bases reguladoras para a concesión da axuda.

3. Por conseguinte, foi emitida a favor do Concello de Boqueixón resolución concesoria dunha subvención para a contratación de tres persoas traballadoras por importe de 50.865,09 euros.

MARCO XURÍDICO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, aprobada no pleno ordinario do concello de Boqueixón que tivo lugar o 19 de xullo do 2017 (BOP nº 180 do 21 de setembro de 2017).



LRBRL Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL)

[21.1.g)] *O alcalde (...) ostenta as seguintes atribucións:*

(...) aprobar as bases das probas para a selección do persoal (...)

ET Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (ET)

[15.5] *(...) as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses estivesen contratadas durante un prazo superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dúas ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, adquirirán a condición de persoas traballadoras fixas. Esta previsión tamén será de aplicación cando se produzan supostos de sucesión ou subrogación empresarial conforme ao disposto legal ou convencionalmente.*

Así mesmo, adquirirá a condición de fixa a persoa que ocupe un posto de traballo que estivese ocupado con ou sen solución de continuidade, durante máis de dezoito meses nun período de vinte e catro meses mediante contratos por circunstancias da produción, incluídos os contratos de posta ao dispor realizados con empresas de traballo temporal.

As persoas con contratos temporais e de duración determinada terán os mesmos dereitos que as persoas con contratos de duración indefinida, sen prexuízo das particularidades específicas de cada unha das modalidades contractuais en materia de extinción do contrato e daquelas expresamente previstas na lei en relación cos contratos formativos. Cando corresponda en atención á súa natureza, tales dereitos serán recoñecidos nas disposicións legais e regulamentarias e nos convenios colectivos de maneira proporcional, en función do tempo traballado.

Cando un determinado dereito ou condición de traballo estea atribuído nas disposicións legais ou regulamentarias e nos convenios colectivos en función dunha previa antigüidade da persoa traballadora, esta deberá computarse segundo os mesmos criterios para todas as persoas traballadoras, calquera que sexa a súa modalidade de contratación.

[49.1.c)] *O contrato de traballo extinguirase:*

Por expiración do tempo convindo. Á finalización do contrato, excepto (...) no contrato de duración determinada por causa de substitución, a persoa traballadora terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación

Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social

1^{er} Convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Boqueixón (código de convenio 1504192) [DOG n.º 42 do 02.03.2005]

CUESTIÓNS

PRIMEIRA. Obxecto. É a prestación da actuación prevista na subvención para o fomento de emprego no medio rural 2026/1 co proxecto *Rural Activa Boqueixón 2026* nos termos que se establecen na Orde que regula a



convocatoria.

SEGUNDA. A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregárase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405). Os contratos de traballo subscritos deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica “*interese social corporacións locais*” que figura no punto “Datos específicos do contrato”.

De conformidade coa Orde reguladora, tamén poderán ser contratadas persoas con contrato indefinido fixo-descontinuo en período de non actividade. Así mesmo, dado que o Concello de Boqueixón conta con menos de 10.000 habitantes segundo o IGE 2024, non será de aplicación a exclusión por participación previa no programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

TERCEIRA. A data límite para formalizar as contratacións é o día 1 de xullo de 2026 e terá unha duración máxima de 9 meses.

As persoas contratadas incumprindo o establecido no artigo 15 do ET adquirirán a condición de fixas.

CUARTA. O órgano competente para aprobar as bases é a Alcaldía (artigo 21.1.g) da LRBRL). Esta competencia non se delegou nin na Xunta de Goberno Local nin no Pleno do Concello.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRA. Iniciar os trámites para a contratación para a provisión en réxime laboral temporal de tres (3) peóns/peoas forestais do programa *Rural Activa Boqueixón 2026* do Concello de Boqueixón.

SEGUNDA. Aprobar as bases reitoras da convocatoria de selección para a provisión en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego para a contratación de tres (3) peóns/peoas forestais. Programa Rural Activa Boqueixón 2026.

TERCEIRA. Publicar un anuncio das bases no BOP da Coruña, e integramente no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón, no taboleiro de anuncios na sede electrónica e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.gal.

CUARTA. Dar traslado deste acordo ó coordinador de Servizos e Obras do concello de Boqueixón, ó departamento de Secretaría-Intervención do concello de Boqueixón, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.



Boqueixón, na data da sinatura dixital

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

PROGRAMA RURAL ACTIVA BOQUEIXÓN 2026. BASES REITORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TRES (3) PEÓNS/PEOAS FORESTAIS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto das bases a contratación de tres (3) persoas traballadoras como peón/peoa forestal, grupo de cotización 10, en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado *Rural Activa Boqueixón 2026*, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ó abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SEGUNDA. Publicidade.

A publicidade das bases reitoras farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os resultados da valoración da fase de concurso e os resultados da fase de oposición, citacións e emprazamentos ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

TERCEIRA. Duración do contrato, modalidade contractual e retribución.

1 O carácter do contrato é temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación: Peón/peoa forestal.

Núm. de postos: 3.



Grupo de Cotización: 10.

Xornada: Completa (100%).

Duración: 9 meses.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Boqueixón.

Funcións: Levarán a cabo actuacións:

- Realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.
- Tarefas de limpeza e mantemento de vías e parcelas e tarefas de prevención de incendios, tales como:
 - Mantemento de zonas verdes e das especies autótonas- controlar as especies invasoras.
 - Mantemento e limpeza de: beirarrúas, vías municipais, e regatos.
 - Labouras de limpeza e acondicionamento das fincas do concello onde se sitúan depósitos de auga.
- Limpeza no entorno dos paneis interpretativos e das rutas de sendeirismo.
- Colaborar cos axentes e traballadores forestais para a prevención e loita contra incendios.
- Labouras de poda.
- Eliminación de herbas invasoras e controlar malezas empregando ferramentas, maquinaria e produtos químicos (operar coa motoserra e outra maquinaria mecánica).
- Recollida de residuos (retirar madeiras e polas) e xestión da biomasa forestal nas vías e camiños de titularidade municipal.

2 A modalidade contractual: contrato de traballo temporal para vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 15 da Orde de convocatoria da subvención (código de contrato 405).

3 A selección da persoa traballadora será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de 95.431.028.

4 A retribución do salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras da persoa traballadora é de 2.102,98 euros/mes.

CUARTA. Requisitos das persoas aspirantes para participar no proceso selectivo, presentación de documentación e prazos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- 1 Ser español/a ou membro da Unión Europea. (Presentación DNI orixinal ou copia compulsada)
- 2 Ter cumpridos os 16 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa. (Presentación DNI)
- 3 Declaración xurada: ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. (Xúntase anexo I).
- 4 Declaración xurada: non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa. (Xúntase anexo I).
- 5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas. (Xúntase anexo I).
- 6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).
- 7 Estar inscrito/a como persoa desempregada no Servizo público de Emprego como demandante non ocupado (presentación Darde) e estar dispoñible para o emprego (estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo. O Concello será o responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada manteña esta condición), e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, Programa Suma Talento: Rural Activo) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, que no punto 6 establece literalmente:

Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:“

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou



- aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
 - f) Persoas con discapacidade.
 - g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
 - h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
 - i) Persoas trans
 - j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
- 8 As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as no correspondente **código do CNO de 95.431.028** na Oficina Pública de Emprego de Galicia.
- 9 Estar en posesión do permiso de conducir B. (Presentación do permiso de Conducir B)
- 10 Achegar anexo I. Cuberto e asinado no anverso e no reverso.
- 11 Persoas con contrato fixo-descontinuo: Tamén poderán ser contratadas as persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo-descontinuo inscritas como demandantes de emprego, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo-descontinuo que teñan subscrito, así como da duración do seu período de non actividade.
- 12 Exclusión por participación previa: As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod rural (TR351G) por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas desta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

O concello solicitará as persoas candidatas para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte no prazo máximo de dous días hábiles dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso as persoas candidatas que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outra persoa candidata que non figure no citado listado.

Proba práctica e documentación acreditativa de méritos:

Datas para a realización da/s proba/s.- As persoas candidatas deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira xunto co Concello de Boqueixón (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o Concello de Boqueixon acorden) nas dependencias municipais do Concello de Boqueixón que se acorde, co DNI.



As persoas candidatas deberán realizar unha ou varias probas prácticas para optar ás prazas.

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende o día seguinte á data de publicación da lista de persoas candidatas preseleccionadas pola oficina pública de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón ata o día anterior da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non poderá ser baremado/a. Polo tanto, **non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo.** Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

As persoas candidatas, poderán achegar os documentos acreditativos para a valoración de méritos:

a) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1 DNI 2 Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI's actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
b) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.	1 DNI 2 Certificado/diploma acreditativo da formación
c) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.	1 DNI 2 Informe da traballadora social: para acreditar colectivos desfavorecidos actualizado mínimo na data de publicación destas bases (se é o caso).
d) Mulleres	DNI
e) Mulleres vítimas de violencia de xénero	1 DNI. 2 Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección
f) Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1 Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social actualizado mínimo na data de publicación destas bases. 2 DNI. 3 Titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
g) Persoas paradas de longa duración (Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego)	1 DNI 2 Informe de Vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia, actualizados mínimo na data de publicación destas bases.
h) Persoas con discapacidade	1 DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade igual ou superior ao 33%.
i) Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1 DNI



	2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia actualizado mínimo na data de publicación destas bases
j) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	1) DNI 2) Darde
k) Persoas trans.	1 DNI 2 Documento probatorio de que a persoa vive socialmente coa súa verdadeira identidade (se é o caso).
l) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España	1 Certificado de emigrante retornado emitido pola oficina do Ministerio de Traballo e Seguridade Social. 2 Permiso de residencia e traballo en España.
m) Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1 DNI 2 Copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado/informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.
n) Acreditar nivel de desemprego	1 DNI 2 Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, ou non perceptor actualizados mínimo na data de publicación destas bases

QUINTA. Comisión seleccionadora

Composición da comisión seleccionadora

1 A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ningún.

2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE:

O secretario interventor da corporación ou funcionario/a en quen delegue,

B.- VOGAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.



C.- SECRETARIO/A:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. Proceso de selección.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proceso selectivo		Máximo a puntuar
Fase de proba	Proba/s práctica/s	24 puntos
Valoración de méritos		16 puntos
Total		40 puntos

1º.- FASE DE PROBA:

Esta fase ten carácter **obligatoria e eliminatória**

PROBA PRÁCTICA: Terá unha puntuación máxima de 24 puntos

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola Comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Sendo 12 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.



As probas estarán relacionadas cas funcións redactadas na base segunda.

2º VALORACIÓN DE MÉRITOS: Terá unha puntuación máxima 16 puntos

A Comisión de Valoración examinará toda a documentación entregada polas persoas aspirantes.

Os méritos deberán acreditarse dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata ó día anterior da realización das probas prácticas tal e como se indica na base cuarta, e deberán manterse ata a realización do contrato.

Establécense os seguintes criterios específicos a valorar: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando unha puntuación máxima de 16 puntos, tal e como segue:

Puntuacións da valoración de méritos:

1 COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 13
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.		1 punto
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.		1 punto
Mulleres	Mulleres 1 punto Vítima de violencia de xénero 1 punto	Máximo 2 puntos
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		1 punto
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 1 punto. No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos.	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).		1 punto
Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.		1 punto
Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito		1 punto
Persoas trans.		1 punto
As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España		1 punto
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 3 puntos
Existencia de responsabilidades familiares.	(Entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores	Máximo 2 puntos



	incapacitadas ou menores en acollemento). 0,50 puntos por persoa a cargo.	
O menor nivel de desemprego.	Perceptores de desemprego, subsidios: 0,50 puntos. Non perceptores: 1 punto.	Máximo 1 punto
PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2		Máximo 16 puntos

A acreditación documental das distintas situacións nas que se atopan as persoas traballadoras desempregadas convocados/as están expostas na BASE CUARTA.

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- 1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.
- 2º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.
- 3º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado nivel de desemprego.
- 4º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada na proba práctica.
- 5º) No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2026 (letra "M", RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 16 do 26 de xaneiro de 2026).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Mendoza. A letra a ter en conta será o "M"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

SÉTIMA. Resolución e formulación de contratos

1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación.



2 Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 3 días hábiles ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

3 Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos tres (3) aspirantes que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte da persoa candidata nomeada para o posto dos requisitos recollidos na Base cuarta, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós/ás integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido as persoas aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

4 As persoas titulares das prazas deberá cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación e ademais estará obrigado antes da formalización de contrato (no prazo que lle indique o concello de Boqueixón) ó seguinte:

- Aportar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Aportar o certificado IBAN de conta bancaria na que figure como titular.
- Realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, no lugar e data que lle indique o concello de Boqueixón.

5 Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

6 A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

7 En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a prestación económica algunha.

OITAVA. Incidencias

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.



Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

NOVENA. Lexislación aplicable

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

ANEXO I

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
Marque cun X o tipo de notificación preferente:	
<input type="checkbox"/> POSTAL	
<input type="checkbox"/> ELECTRÓNICA. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:	
Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal , ó que se poderá acceder co certificado electrónico asociado electrónico asociado ó DNI da persoa solicitante.	
ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN NO CORREO ELECTRÓNICO:	

Para os efectos de poder participar no proceso selectivo de contratación laboral de (3) peóns/peoas forestais (Rural Activa Boqueixón 2026), presenta a seguinte documentación:

DNI

- Carné de conducir.
- Tarxeta de demanda de emprego actualizada.

Outra documentación:

- 1
- 2
- 3

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos e documentación que aporta son certos.



Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:

Que NON SI desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.

Que NON SI realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

- Que cumpre cos requisitos de participación previa establecidos na orde de convocatoria, concretamente:

NON ter sido contratado/a no programa Aprod rural (TR351G) por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025.

No caso de habelo sido, declara que opta á praza ao abeiro da excepción para concellos de menos de 10.000 habitantes).

Que se compromete a manter a súa situación de demandante de emprego non ocupado/a tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo, e AUTORIZA Concello de Boqueixón para a súa comprobación.

- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter **(XÚNTASE ANEXO NO REVERSO)**. Boqueixón, de de 2026

Sinatura:.....

(Reverso)



INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

2.- **DPO:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.

Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso, deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

DATA E LUGAR: _____

SINATURA: _____